



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA ONCE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E UN.

**Expte: 2021/G007/000042**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día once de novembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández. Non acude don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**

PARTE RESOLUTIVA

### **1º.- APROBACIÓN DE PROGRAMACIÓN POLO “25 DE NOVIEMBRE: DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2021”.-**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

#### **PARA A APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN POLO “25 DE NOVIEMBRE: DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2021”**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobar o gasto asociado à programación socioeducativa do “25 de novembro: Día contra a violencia de xénero”, coñecendo a existencia de crédito e visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

#### **INFORME- PROPOSTA PARA A PROGRAMACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE: DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA**

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello e responsable técnica do programa municipal de igualdade e prevención de violencias machistas “Somos e Contamos”, dentro do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios

#### **INFORMO**

*1. que a presente proposta está a coordinarse conxuntamente por persoal técnico dos Departamentos de Servizos Sociais e de Cultura*

*2. que o Concello de Valdoviño ven de desenvolver nos últimos anos diferentes actividades dentro da programación específica do 25 de novembro, día contra a*

violencia machista, dentro do “programa municipal para a igualdade e prevención das violencias machistas Somos e Contamos”

3. que a proposta está dirixida a diferentes grupos de interese, como é o alumnado dos centros educativos nos niveis de infantil e secundaria e á comunidade en xeral

4. que as actividades e o gasto asociado consiste en:

- Colocación da pancarta e difusión do manifesto (sen gasto asociado)
- Espectáculo musical virtual para público infantil “Martíña Soñadora”: ritmos brasileiros, blues ou rock&roll ao tempo que se abordan relacións afectivas, de igualdade ou da importancia de rachar cos estereotipos sexistas desde a expresión musical. Campaña De Fronte á violencia de xénero. Deputación da Coruña. (sen gasto asociado).
- Exposición alumnado infantil CPI Atios: “SPRAY, Festa monstruosa”, baseada na artista Olga de Dios. (sen gasto asociado).
- Visionado de curtametraxes co alumnado de 4º de secundaria e colocación de vinilos con frases reivindicativas nos espazos educativos e sociocomunitarios. (sen gasto asociado).
- Sesións en aula co alumnado de 3º de secundaria: “Desmitificando o amor romántico”, a cargo da educadora social do Concello. (sen gasto asociado)
- Actuación MARÍA E JORGE “SOÑANDO INVENTEI”. Dirixido a nenas e nenos de CPI de Atios e do CRA “O Esquíu”. Programa “Música e danza nos centros educativos do concello de Valdoviño” (gasto contemplado na área de Cultura)
- Actuación RILO & PENADIQUE “ARROLANDO AS FRORES”. Rede cultural da Deputación Provincial. (gasto contemplado na área de Cultura)
- Proxección do documental “A poeta analfabeta”, sobre a vida da activista/poeta Luz Fandiño (363 €)
- Reparto de chapas reivindicativas serigrafiadas (550 euros)

5. que os gastos asociados ao Departamento de Servizos Sociais e para os que se solicita retención de crédito son só os relativos ás dúas últimas actuacións e fan un total de 913 euros.

6. que no caso das chapas, o orzamento pediuse a unha usuaria de Servizos Sociais, seguindo coa estrutura que se deu o ano pasado de seleccionar pola súa especificidade e condicións socioeconómicas a unha persoa do municipio con dificultades económicas (e frecuentes axudas municipais) e con perfil ocupacional relacionado co obxecto da actuación.

7. que o carácter anual destes gastos fai que se contemple como un gasto fixo (aínda que variable no seu importe) de Departamento de Servizos Sociais.

8. que de ser preciso, o gasto podería vincularse á transferencia recibida polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que no ano 2021 ascende á cantidade de 2177,56 euros.

## **SOLICITO**

Aprobar o gasto e reter a cantidade económica correspondente para a programación do 25 de novembro “Día contra a violencia machista” por un importe total de 913 euros aboado ás seguintes persoas/ entidades:

1. Elisa Rojas Julias (deseño e elaboración de chapas): 550 euros

2. Cómica Producións (proxección documental): 363 euros

En Valdoviño a 8 de novembro de 2021  
Iria García Martínez Educadora Social (Col. 3545)

**PROPOÑO:** á Xunta de Goberno Local a aprobación do gasto asociado à programación das actividades socioeducativas polo “25 de novembro: Día contra a violencia de xénero 2021” por un importe total de 913 euros.

En Valdoviño, a 09 de novembro de 2021.  
Alberto González Fenrández.  
O alcalde”.

**Despois de ver a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a súa aprobación.**

## **2º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA: PROXECTO DE MELLORA NO SANEAMENTO DE LAGO.-**

En sesión ordinaria do pasado 4.11.21, a Xunta de Goberno Local, procedeu á aprobación, trala recepción da obra e Vistas as propostas da área de servizos económicos, das Certificacións Nº 1 e Nº 2 da obra do POS+2021: Proxecto de mellora no saneamento de Lago; por importes de 36.141,43€ e 14.558,25€ respectivamente. En consecuencia, na área de secretaría municipal procedeuse á remisión da documentación á Deputación Provincial para a xustificación da obra.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de que:

Requerimento da Deputación Provincial a este Concello sobre as certificacións presentadas telemáticamente indicando que revisadas as mesmas obsérvase que o importe de adxudicación (50.699,68€) e baixa (15.743,65€) que figuran na carátula das certificacións non se corresponde ca ficha da obra da adxudicación (50.669,68€) e (15.773,65€), e que a suma das certificacións (50.699,68€) que se certificou non é correcto con arranxo ao importe de adxudicación.

De que comprobados os datos que constan no expediente, obsérvase que a oferta da adxudicataria (Viaqua SA) é de 50.669,68€ coma figura na ficha de adxudicación e igualmente consta este importe na documentación de adxudicación e documento contractual.

En base ao exposto, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión **ACORDA:**

**Primeiro.-** Atender o requerimento efectuado ao Concello pola Deputación Provincial, acordando se proceda a rectificación das certificacións, deixando sen efecto a acordo adoptado da súa aprobación polos erros padecidos.

**Segundo.-** Dar conta aos servizos económicos municipais do requerimento da Deputación Provincial, para a súa constancia.

**Terceiro** - Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria así coma ao Director da Obra, para a rectifiquen as Certificacións N° 1 e N° 2 da obra, conforme ao importe de adxudicación e emitan e presenten novas certificacións, que se someterán a consideración da intervención municipal.

**Cuarto.-** Someter a aprobación, se procede, as novas certificacións pola Xunta de Goberno Local e unha vez aprobadas, remitase a pertinente documentación á Deputación Provincial para xustificar a execución do proxecto de obra.

PARTE ACTIVIDADE

### **3º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e quince minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*/Documento asinado dixitalmente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*